

Boletín Deporte de Orientación

XX LIGA GALEGA

X TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO

Sábado, 7 de maio de 2011

Proba para federados e non federados.

>Organiza:

Club Universidade de Vigo.

Asociación Galega de Clubs de Orientación.

Club Deportivo Lupalu.

>Inscripcións:

Polo novo sistema: www.agaco.es/intranet

É preciso rexistrarse como usuario nesta web

Data límite: martes 3 de maio ás 22:00 h.

Caixanova N/C 2080 0000 77 0040244532.

Tarxeta SportIdent

Todos os percorridos utilizarán tarxeta Sport Ident. Aluguer de tarxeta: 3€ + fianza 30€. A fianza será reintegrada no momento de devolución da tarxeta.

>Cotas:

3€ (federados FEDO), 5€ (INI. Curta), 6€ (INI. Longa), 8€ (non federados en percorrido oficial).

Gratuíta para membros (estudantes, PDI e PAS) da Universidade de Vigo. Enviar correo electrónico a carreras.orientacion.vigo@gmail.com co percorrido que desexa, nome, data de nacemento, DNI e teléfono. Recibirase confirmación da correcta inscrición ou da necesidade de completar datos.

>Zona de competición:

Serra do Galiñeiro. O centro de competición estará situado no edificio da Comunidade de Montes de Vencios.

>Como chegar:

Autoestrada Vigo – Baiona. Saída nº 17 Vencios, Gondomar. A saída da peaxe estará indicada.

>Programa:

09:30 horas	Entrega de tarxeta
10:30 horas	Saída primeiro/-a corredor/-a
14:00 horas	Peche de meta

>Mapa:

Elaborado segundo as normas IOF por Valentín Vladimirov (xaneiro, marzo de 2003).
Revisión de campo en abril de 2011.

>Categorías:

As contempladas no regulamento da XX Liga Galega 2011.

<http://agaco.es>

>Percorridos:

Percorridos: 1, 2, 3, 4, 5A, 5B, 6A, 6B, 7 e F.C .

Escala percorridos, 1:7.500. Eq 5m.

>Outras Informacións:

Control por TARXETAS SPORT IDENT en todos os percorridos.

Estacionamento e auxilios na zona de concentración.

Bocadillos e froita.

Trofeos: tres primeiros de cada categoría.

>Normas:

Todo corredor deberá prestar axuda se atopa a algún corredor lesionado.

Deberá respectar as balizas de control.

En caso de abandono, será obrigatorio presentarse na meta.

Tanto organizadores como competidores están obrigados a respectar o medio ambiente.

>Prevención de riscos, instrucións de seguridade e recomendacións:

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
2. Todos os participantes veranse obrigados nalgún momento a circular ou cruzar unha estrada. Trátase dunha estrada asfaltada, sen beirarrúas, cuxo nivel de circulación é moi baixo (recordando a todos os participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación).
3. Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.
4. No punto sinalado no plano co símbolo dun “vaso”, disporase botellas de auga individuais. Dita zona estará delimitada con cinta. **Non está permitido sacar botellas desa zona.**
5. Lembramos que queda totalmente prohibido para os participantes nesta proba adestrar ou participar en calquera actividade na zona de competición. No caso de incumprimento desta norma, o corredor será descualificado ao rematar a proba.